

Substancias “PROHIBIDAS”: Drogas

Autor: Turnes Mejuto, Ricardo (Hist. Moderna // Biblioteconomía-Arquivística e Documentación. Master e Prl. Orientación Laboral, Prof. ACT. Sº de Emprego UGT Compostela-Barbanza).

Público: ESO-BACHALERATO; DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN. **Materia:** Antropoloxía; Filosofía; Historia; TIC [...]. **Idioma:** Gallego.

Título: Substancias “PROHIBIDAS”: Drogas.

Resumen

DIFÍCULTADES PARA UNHA DEFINICIÓN Cando se aborda calquera materia adoita comezarse cunha definición básica de cal é o obxecto de estudo. Coas drogas non é doado facer isto: non existe unha definición de droga. A dificultade dunha definición aceptable para todos radica en que se trata dun conxunto de substancias moi diversas, con pluralidade de efectos sobre o sistema nervioso humano, de as que se fai uso por razóns moi diferentes. Substancias que se pretenden limitar, regular, controlar ou perseguir por motivos que van dende o dominio comercial ata a saúde.

Palabras clave: drogas, comercio, consumo, conducta, saúde, sociedade, tipoloxía.

Title: Substances "PROHIBITED": Drugs.

Abstract

When dealing with any subject, it is usually started with a basic definition of what is the object of study. With drugs it is not easy to do this: there is no drug definition. The difficulty of an acceptable definition for all is that it is a set of very different substances, with a variety of effects on the human nervous system, which is used for very different reasons. Substances that are intended to limit, regulate, control or pursue for reasons ranging from commercial domain to health.

Keywords: drugs, commerce, consumption, behavior, health, society, typology.

Recibido 2018-02-27; Aceptado 2018-03-06; Publicado 2018-03-25; Código PD: 093134

DIFÍCULTADES PARA UNHA DEFINICIÓN

Cando se aborda calquera materia adoita comezarse cunha definición básica de cal é o obxecto de estudo. Coas drogas non é doado facer isto: non existe unha definición de droga.

A dificultade dunha definición aceptable para todos radica en que se trata dun conxunto de substancias moi diversas, con pluralidade de efectos sobre o sistema nervioso humano, de as que se fai uso por razóns moi diferentes. Substancias que se pretenden limitar, regular, controlar ou perseguir por motivos que van dende o dominio comercial ata a saúde.

Dificultades históricas para unha definición

Dende principios de século numerosos comités de expertos dos organismos internacionais propuxeron definicións que chocaban coa realidade farmacolóxica ou deixaban ao descuberto os interese e as contradicións existentes no control internacional. En realidade tratábase, trátase, de descubrir que características tiñan en común unha lista de substancias xa prohibidas, reguladas ou controladas por outras razóns.

Nin sequera cando se asina en Viena, en 1971, o Convenio sobre Substancias **Psicotrópicas** aparece unha definición. Serán drogas aquelas substancias que estean "incluídas na lista". Era e é imposible unha definición seria, na que caiban os criterios e as razóns con frecuencia demasiado alteradas- polos que se controlaban por aquel entón 223 sustancias e non se controlaban outras moitas. É máis, as Nacións Unidas na última Convención *Contra el Tráfico de Sustancias Estupefacientes* e Psicotrópicas e Actividades Conexas (Viena 1988), segue definíndoas como: "Substancias, preparados e especialidades farmacéuticas incluídos nas listas" das convencións e convenios anteriores. Ademais, ante os novos produtos que poden aparecer, incluíranse como drogas a todos aqueles "o consumo dos cales poida producir efectos análogos aos dunha das substancias antes indicadas" (nas listas).

Con eses criterios, a definición é case imposible. A cuestión das drogas, incluída as súas definicións, construíuse e séguese construíndo apoiándose en parámetros que pouco ou nada teñen que ver coa ciencia, nin se queira coa farmacolóxica. As follas de coca e a cocaína séguense clasificando como estupefacientes (segundo o dicionario: "Dise das drogas ou narcóticos que suspenden ou debilitan a actividade cerebral") cando é de dominio público que producen os efectos contrarios.

Non se pode aceptar calquera definición mais ou menos obxectiva de drogodependenza ou toxicomanía porque o alcohol quedaría incluído. Non é fiable unha definición que inclúa fármacos cunha actividade psíquica pero son fabricados a millóns por unha industria moi potente. Os textos dos comités de expertos dos organismos internacionais están cheos de todas estas discusións semánticas, que parecen obxectivas. Manuais considerados básicos no tema eluden a definición.

A televisión, o xogo e outras substancias.

A multiplicidade de palabras que se usan (droga, medicina, fármaco, narcótico, tóxico, estupefacientes, psicotrópico, etc.) evidencia non só unha pluriformidade de abordaxes culturais senón a diversidade de habilidades semánticas que se poñen en marcha para evitar o núcleo obxectivo da cuestión. Unha visión simplemente moral, ou ética, das drogas levaría a identificalas con todo aquilo que ten capacidade para alienar, para facer que as persoas se evadan da súa realidade.

Pero unha definición dese estilo faría que algúns considerasen, non sen razón, á televisión ou a publicidade como drogas.

As definicións estruturadas en torno á idea de actividade que non se pode controlar, de hábito irrefreable, farían necesario incluír actividades humanas compulsivas (que tenden a repetirse sen control) como o uso das máquinas comecartos e o xogo de azar. Algúns autores falan entón da "mente drogada" e en círculos sociais mais xerais refírense xa a esa dificultade como enfermidade do xogo ou ludopatía.

APROXIMACIÓNS Á DEFINIÇÃO DE DROGA

Estas son algunhas das aproximacións ao problema da droga, onde se expoñen as definicións que se propuxeron a través da historia, así como a explicación das modificacións que as drogas producen en distintos lugares do cerebro.

A que nos referimos cando falamos de drogas?

Rexeitando tales universalizacións -sen negar que poidan ser obxectos de maior ou menor precaución social- aquí referímonos sempre a drogas como "substancias con capacidade de acción sobre o organismo humano cando son incorporadas a el". Faise referencia, polo tanto a outras múltiples maneiras de actuar ou influír sobre o ser humano.

Podería dicirse que un fármaco é calquera axente químico que afecta unha función biolóxica. De acordo con esta lóxica, o Manual Sobre Dependencia das Drogas da Organización Mundial da Saúde, que foi compilado por Kramer e Cameron (1975) di: "Enténdese por fármaco ou droga toda substancia que, introducida no organismo vivo, pode modificar unha ou varias funcións deste." (esta definición, non obstante non foi incorporada nunca polas convencións das Nacións Unidas, a pesar de que a Organización Mundial da Saúde é un dos seus organismos. Aceptar tal definición suporía deixar a un lado os xuízos críticos e pexorativos que teñen as súas listas de control).

Con esta definición identificouse fármaco con droga, pero hai que sinalar que uns actúan sobre o cerebro e outros noutros órganos ou en ambos os dous á vez-

Algo máis restritivamente, unha droga sería un fármaco que actúa sobre o cerebro modificando o seu funcionamento, aínda que algúns poderían conseguilo tamén indirectamente.

Deixando de momento a un lado as múltiples maneiras de actuar sobre o sistema nerviosos que teñen as drogas, podemos acoutar a definición ao facer referencia fundamentalmente a " aquelas substancias con capacidade de modificar as condicións psíquicas da persoa: estimulalo, tranquilizalo, comprenderse mellor, relaxalo, alucinalo, diminuír a súa sensación de dor e facilitar ou dificultar a súa comunicación". En resumo: actúan sobre o cerebro alterando o humor, os procesos de pensamento ou a conduta.

Cara a unha definición válida

Drogas é calquera das múltiples substancias que o ser humano usou, usa ou inventará e usará ao longo dos séculos, " con capacidade de modificar as funcións do organismo vivo que teñen que ver coa súa conduta, o seu xuízo, o seu comportamento, a súa percepción ou o seu estado de ánimo". Todo iso sen ningunha connotación. Sen afirmar previamente se son boas ou malas, legais ou ilegais, asumidas pola cultura ou non, usadas axeitadamente ou obxecto de abuso.

Droga é aquilo que consideramos droga

En calquera caso, esta non deixa de ser unha aproximación predominantemente neurolóxica (do funcionamento do sistema nervioso) e psicolóxica (da persoa e o seu xeito de ser e actuar) e debe definirse tamén dende unha perspectiva social e antropolóxica (dende a realidade colectiva, os costumes, as normas e as culturas).

Así, " droga é aquela substancia que nun contexto dado é coñecida maioritariamente como tal".

Outras substancias admitidas que tamén son drogas

Cando se fala de droga manéxanse uns símbolos dentro dun marco explicativo, vital, condicionado por un determinado contexto económico, social, político -ideolóxico e cultural. Ás veces denomínase droga e ás veces non, a produtos moi semellantes e de características afíns. Mesmo os mesmos produtos son drogas ou non segundo as circunstancias nas que se utilicen. En xeral, na nosa sociedade non se considera droga a alcohol e se a outros produtos con efectos moi similares (algunhas pastillas para relaxarse ou durmir tomadas sen prescrición médica). As mesmas *anfetaminas* serven para non engordar, para estar esperto (para estudar ou traballar) ou para ir de "marcha" a fin de semana. Se os adolescentes van acompañados por adultos a tomar o vermú, non se consideraría que se drogan, pola contra pénsase que o fan cando toman a "litrona" en calquera parte.

A química do pracer e da conduta

Cando alguén se formula a cuestión das drogas é porque detrás delas está a capacidade de modificar o psiquismo, o mundo interior, o xeito de ser e a conduta. Con elas pódese cambiar o estado de ánimo, alterar as relacións sociais ou reducir os padecemento. Con ela pódese obter máis pracer, outras experiencias, outras percepcións ou sensacións. Son substancias que directa ou indirectamente actúan sobre os órganos ou sistemas responsables do pensamento, as emocións ou o comportamento.

Modificacións no cerebro

Na especie humana pensar, sentir, ver, comprender, ter fame ou namorarse- por citar algúns exemplos de actividade psíquica - son accións que se producen grazas ao sistema nervioso, fundamentalmente pola acción da súa parte central: o cerebro. As emocións e os sentimentos non poden existir sen as células nerviosas do cerebro, sen o conxunto de reaccións químicas e de movementos celulares que nelas se xeran. Os fenómenos mentais son o resultado dun conxunto de actividades moleculares altamente organizadas levadas a cabo polas células nerviosas.

Un cambio na conduta ou en estado de ánimo comporta un cambio na química cerebral. Á inversa unha alteración interna, ou inducida externamente, da química cerebral supón unha modificación de condutas ou anímica. Non se trata de facer un reduccionismo de actividades humanas tan complexas como ter ilusións, planificar o futuro, auto reflexionar, etc., á bioquímica das células do cerebro. Tan só se afirma que todo iso non é posible sen o cerebro e que a alteración do seu funcionamento ten un impacto fundamental sobre esas condutas e vivencias da persoa.

Pero ser humano, como ser social, como ser que se relaciona cun ámbito, tamén modifica o funcionamento do seu cerebro a partir da información que lle vén do exterior. Pode caer nunha depresión porque falla algúns dos procesos que xeran o estado de ánimo; pero igualmente o suceso desgraciado que poida acontecer ten capacidade para impactar e alterar a química das emocións. A amizade, o estudio, a experiencia, son fenómenos con capacidade de acción sobre o cerebro.

Unha persoa pode padecer unha grave enfermidade mental porque a vai afectada algunha parte das súas células nerviosas, pero igualmente pode enfermarse porque a súa existencia é un continuo fracaso e unha fonte de padecemento.

Cando o psicólogo ou o psiquiatra o atenden optan nuns casos polos medicamentos (psicofármacos) e noutros polo diálogo, o consello, a orientación (psicoterapia) para reconstruír o funcionamento cerebral alterado. Ambos os dous procedementos desencadean reaccións químicas opostas ás que produce a enfermidade.

A administración de drogas altera a química cerebral.

A administración de drogas é unha forma importante da alteración da química cerebral.

Cando as drogas chegan ao cerebro alteran - de maneiras moi diversas- o curso das reaccións químicas cerebrais. A heroína pode xerar sensación de temperanza, o alcohol facilita a comunicación ou os tranquilizantes a inducir o sono, na medida en que son substancias capaces- pola súa entidade química- de provocar o funcionamento do cerebro os

consequentes cambios. Non é que se queira ou se poida reducir todo ser humano á bioloxía, pero nada é explicable sen ela. Todo non é bioloxía, pero nada se produce sen bioloxía. Un sentimento non é redutible a un grupo de neuronas (as células do cerebro) pero non hai sentimento se algunha delas non funciona.

Tamén é certo que moitas substancias actúan en boa medida condicionadas polas expectativas, é dicir, que máis alá dos seus efectos farmacolóxicos teóricos está o que o suxeito ou o grupo espera obter e acaba obtendo. Á inversa, obtéñense escasos efectos de substancias que son drogas pero que non son inxeridas como tales.

Moitas das drogas que se toman parécense extraordinariamente a substancias que o propio cerebro usa no seu funcionamento. O seu efecto débese a que poden actuar igual ca elas, que as "drogas" que xa xera o organismo.

Simplicidade solo aparente

Con frecuencia unha mesma substancia ten efectos contraditorios ou afecta a receptores e áreas do cerebro con accións opostas.

As anfetaminas, a acción estimuladora das cales é coñecida, son utilizables en determinadas circunstancias para reducir a hiperexcitación (por exemplo no caso dos nenos coñecidos como hipercinéticos e a mobilidade continua do cal lles impide unha mínima concentración e atención para a aprendizaxe) debido a que afectan a dous *transmisores* diferentes e opostos. Prodúcese así tamén unha afectación de zonas do cerebro relacionadas coa coordinación dos movementos ou a relaxación muscular.

Á busca das zonas afectadas

A investigación dos efectos das drogas, persegue dende hai tempo a busca no cerebro de receptores específicos para cada unha das drogas. Pero nin para a máis común das drogas occidentais, o alcohol, foi posible localizalo. A razón é ben simple: en xeral afectan varios e os seus efectos son unha mestura diversa de alteracións no proceso de alteración. É unha preocupación similar á de intentar reducir e adxudicar a unha área concreta do cerebro cada unha das actividades psíquicas. Pero trátase dunha máquina complexa que actúa relacionada mente con áreas de coordinación e de suplencia.

Complexidade de zonas e funcións afectadas.

Os compoñentes activos das drogas emulan ou están relacionados cunhas ou outras substancias do cerebro implicadas na súa actividade química, pero, ao igual que elas , nin o seu efecto é único, nin inciden só nunha área. Poden e deben facer esforzos para definir a acción das drogas en relación con funcións e sistemas cerebrais específicos, pero unha forte limitación a este propósito consiste en que a maioría das drogas afectan a moitas funcións cerebrais. Non existe unha droga "limpa", unha que impoña unha cuestión única, neta. Atribuír todos os efectos químicos dunha droga determinada a unha única acción farmacolóxica coñecida é, con frecuencia, erróneo.

Todos os outros engadidos persoais e sociais que teñen as drogas poden facer que nin sequera produzan os efectos esperados. Así, por exemplo, acontece cando un medicamento psicotrópico pasa a ser usado fose de contexto terapéutico.

CANDO OS ADOLESCENTES SE DROGAN

QUE FAN OS ADOLESCENTES CANDO TOMAN UNHA DROGA?

A maioría das persoas consumen diversas substancias ao día que son capaces de alterar o seu estado psíquico, como o café, o alcohol ou os cigarros.

Cando calquera persoa, en calquera ocasión do día, toma unha substancia capaz de alterar o estado psíquico que ten nese momento, fai algo máis que poñer en relación o seu organismo cunha droga. Existen catro elementos que definen o acto de usar unha droga, calquera droga, incluído o alcohol: as expectativas, a institucionalización, a relación social e o contexto vital no que se usan. Cada un deses elementos, ademais, dende a perspectiva adolescente, ten uns aspectos concretos e específicos a destacar.

As expectativas.

En calquera relación coas drogas o máis importante son os usos non as substancias.

Cando se utiliza unha droga téñense expectativas de obter uns efectos determinados, búscase conseguir un pracer, alcanzar un estado persoal diferente.

No caso dos adolescentes, as expectativas de efectos terá máis importancia que os propios efectos. Entusiasmo, imaxinación, modas, publicidade, culturas, reaccións adultas, etcétera, mestúranse para crear un complexo mundo de expectativas. Nos adolescentes, ditas expectativas teñen maior importancia que os propios efectos. As expectativas son a miúdo máis problemáticas que a substancia en si.

Entre os adolescentes, os usos de drogas tamén responden a modas que eles crean, reciben ou alteran e que se difunden pola súa boca a boca particular.

Para poder previr o problema das drogas hai que empezar sabendo que espera delas. Nada atrae máis que aquilo do que espera moito. Unha boa expectativa e un bo ambiente son os compoñentes básicos dun bo "coloque".

A Institucionalización

O uso dunha droga adoita enmarcarse nunha ritualización determinada, nun ambiente xa institucionalizado definidor dunha transgresión social.

Ás veces, o consumo de drogas orixínase por motivos culturais, pero no caso do novos, normalmente débese ao simple feito de transgredir as normas establecidas.

Nos adolescentes haberá que pensar máis na transgresión que na institucionalización

Aínda que consuman drogas institucionalizadas os adolescentes farano do xeito menos institucionalizada posible.

Se toda a droga ten o seu rito, a súa institucionalización, os grupos adolescentes constitúen, ademais, a que lles é propia.

Convirá calibrar as intervencións para non quedar atrapado polas formas.

A Relación Social

O uso de drogas supón un posicionamento da persoa con respecto aos demais.

Os adolescentes buscan continuamente a súa identidade. Moitos dos usos das drogas débense a que un adolescente quere pertencer a un grupo determinado.

No caso dos adolescentes débese recordar que non hai adolescente sen grupo ou que ser adolescente é estar en busca continua da propia identidade. Os usos de drogas non son banais e gratuítos, xa que adoitan ser potentes xeradores de identidade, provisional, no seo dun grupo. Moitos comezan asociados a condutas que serven para definir un grupo ao cal se quere incorporar un adolescente.

O Contexto Vital no que se usan.

O uso de drogas ten sentido de función de contextos vitais concretos. Nada ten que ver usar drogas para obter un mellor rendemento, con facelo para pasar un bo anaco de ocio. Usalas en relación cun determinado malestar ou enfermidade pouco ten que ver co seu uso nos tempos destinados á busca do pracer. Teñen que ver co conxunto de contextos e necesidades nos que se desenvolve a vida de cada día dunha persoa.

Nos adultos o uso ten que ver co rendemento, o éxito laboral, as relacións, etcétera. Cos adolescentes pasa igual. Grande parte das relacións dos adolescentes coas drogas ten que ver cos seus tempos e espazos de diversión.

A principal dificultade adoita ser, saber como incidir positivamente en cada contexto concreto. É difícil atopar fórmulas de actuación destinadas á construción dun ocio que non necesite, contar con determinados usos de alcohol.

POR QUE PODEN converterse NUN PROBLEMA.

Falar de drogas adoita ser equivalente a falar de dependencia. A palabra droga está unida a ideas como toxicomanía (manía polos tóxicos), dependencia, habituación e similares.

Dá Tolerancia á dependencia.

Se unha persoa toma, durante certo tempo, determinadas drogas de determinado xeito, é posible que lle acontezan dous fenómenos: que pouco a pouco teña que ir tomando maiores cantidades para obter os mesmos efectos; ou que se a deixa de tomala presénteselle un conxunto de trastornos de maior ou menor gravidade. Son o que se adoitan chamar efectos de tolerancia.

Efectos da tolerancia.

O corpo humano tolera a súa presenza desenvolvendo mecanismos cada vez maiores para destruíla. Deste xeito, a cantidade inicialmente efectiva vai sendo cada vez menos. As neuronas tamén se adaptan e resultan cada vez menos sensibles á presenza desta substancia que está a alterar os procesos de transmisión cerebral.

Efectos de dependencia.

Créase unha situación que adoita chamarse dependencia física. O cerebro instaura os mecanismos de compensación que provocan problemas se a droga non está presente.

Algunhas Drogas Producen Mono.

A adaptación do organismo á presenza dunha determinada droga provoca a aparición de intensos trastornos físicos cando se interrompe a administración (síndrome de abstinencia). Trátase do que as persoas con problemas de drogas chaman "mono".

Se algunhas substancias se deixan de tomar de golpe pódense producir problemas físicos e psíquicos.

A interrupción brusca do consumo produciría unha situación problemática física e psiquicamente.

Ese "mono" depende do tipo de substancia que se consuma e será moi diferente, máis ou menos grave, segundo sexa unha ou outra.

Depender dunha ou varias drogas, parece ser algo máis complexo; os problemas das persoas que as consumen son algo máis que os derivados da súa ausencia: fármaco dependencia. Os conceptos de tolerancia e dependencia axudan a entender o funcionamento das drogas.

Usos e hábitos.

Non é o mesmo consumir pouco e en diferentes situacións que abusar masivamente del na fin de semana: non é o mesmo beber cervexa nun concerto de rock que encherse de combinados na discoteca; non é o mesmo para un europeo co alcohol formando parte da súa civilización que para un árabe a cultura do callo/llelo prohibe. Algunhas drogas son altamente aditivas para a maioría de formas de uso, mentres que outras só en contados casos e situacións crearán auténticos adictos.

Os individuos, como seres adaptativos, adquiren hábitos e formas de conduta que supoñen a tendencia automática a actuar dun determinado xeito.

Téndese a un determinado consumo pola instauración dun hábito: unha resposta condicionada pola aprendizaxe e que se executa case automaticamente. Pedir unha copa de coñac tras unha comida opulenta, acender un cigarro nunha situación de espera, é consumo instaurado a partir de hábitos e moitas persoas son dependentes deses hábitos.

Drogas brandas, drogas duras.

O importante é os usos. Téndese a clasificar ás drogas en duras e brandas, magnificando os efectos dunhas e diminuíndo as doutras. En realidade hai usos duros e usos brandos de case todas as drogas e as condicións persoais ou ambientais poden facer problemático o uso dunha droga que en principio, non o é.

Preguntas e respostas Sobre a Gravidade.

Formúlense tres preguntas ás que haberá que buscar respostas.

1) A persoa dependente.

Pódese aceptar que hai unha situación de dependencia cando a persoa leva a cabo:

- Unha situación excesiva.
- Unha utilización prexudicial. A utilización prodúcelle prexuízos físicos, psíquicos ou sociais.
- Unha utilización compulsiva. O consumidor resístese a deixar a substancia.

2) A lista dos riscos.

O risco de ter problemas, de chegar a ser adicto a unha determinada substancia depende de múltiples factores. Resúmense en:

- O conxunto de efectos que produce. As substancias que producen euforia ou pracer teñen máis risco de producir adición.
- A rapidez coa que aparezan os efectos. Cando as drogas son consumidas por vía intravenosa é máis factible que se produza a adición que cando se fuman ou son inxeridas.
- A dispoñibilidade e a incitación comercial ao seu consumo. Se á persoa lle parecen igual os efectos de diversas drogas, é máis doado que abuse de drogas sen trabas para a súa obtención. Nos adolescentes pode ser á inversa.
- A valoración social que teña en determinados ambientes. A tendencia a abusar é maior se unha droga é considerada clave para o éxito profesional ou social.
- O valor funcional que se lle outorga, aquilo para o que se cree que serve
- O estilo de vida e as circunstancias persoais e sociais. O risco de depender do alcohol, cocaína e anfetaminas é maior nas persoas que viven inmersas en festas, relacións sociais e de representación profesional que as persoas con vida sinxela e ritmos sociais tranquilos.

Se un novo é ansioso ou padece de insomnio preferirá o uso de drogas tranquilizadoras, mentres que o que só sofre unha dificultade transitoria, preferirá o uso de drogas que lle proporcionen lucidez.

- O grao e a rapidez coa que xeran dependencia física. A gravidade da síndrome de abstinencia que a interrupción do consumo provoca.
- O grao e a rapidez coa que a súa utilización continuada desenvolve tolerancia. A necesidade de aumentar a dose para ter os efectos desexados incrementa as cantidades a consumir.

Os problemas dependen da velocidade coa que apareza tolerancia ou dependencia física, pero tamén do estilo de vida da persoa.

O corpo acostúmase á presenza dun tipo de droga e xérase o que se coñece como tolerancia.

Uso problemático e adolescencia

A preocupación polos usos que os adolescentes fan das drogas adoita comezar polo tipo de substancias que consumen. Nun mundo de cambios continuos nas substancias, a simple clasificación das drogas non pode ser outra cousa que unha referencia.

Os perigos das escalas

Non pode facerse unha escala de gravidade baseada soamente nas substancias posto que fai que se reste importancia a outras maneiras de consumir substancias máis banalizadas.

Análise das circunstancias que rodean o consumo

Hai que analizar as maneiras, como as toman, o sentido e as circunstancias nas que se producen os consumos.

Ideas básicas como a dependencia deben ter outra lectura na adolescencia. Tendo en conta a condición adolescente, así como o seu mundo interior e exterior en evolución. A necesidade da substancia, ou a necesidade dun determinado estilo de consumo son elementos engadidos ao seu vivir dependente.

A meta que se quere alcanzar

Conseguir que como adolescentes e como adultos sexan capaces de vivir nun mundo de drogas sen ser destruídos. Aínda que un novo aínda non dependa da droga, a súa vida pode estar chea de dependencias.

Vivimos nun mundo con drogas

Un grupo adolescente definido en torno á dificultade e o conflito social, empapará a súa vida difícil con case todas as drogas dispoñibles no seu medio. Mellorar nese grupo a convivencia coas drogas pasa por enriquecer a súa vida cotiá con experiencias positivas. Un adolescente estable, sen conflitos importantes non consumirá drogas habitualmente, e, cando ocasionalmente probe algunha, é posible que non lle cause problemas posteriores.

Algúns relativismos máis

A rapidez coa que unha droga xera os seus efectos, inflúe no seu potencial aditivo. A acción das drogas non é algo que se produza mecanicamente dun xeito universal para todos. O problema pode nacer da falta que teñen os adolescentes doutras experiencias ou da ausencia de interlocutores para analízalas.

Fumar, esnifar, inxectarse, beber.

Os efectos das drogas dependen de como se administren.

- Se unha droga se inxecta en vea o sangue difúndea con rapidez a todas as partes do corpo incluído o cerebro.
- Cando unha droga é inxerida oralmente ha de ser absorbida polo sangue que pas a través do estómago ou do intestino, pasará despois pola acción do fígado e chegará posteriormente ao corazón, os pulmóns e o cerebro.
- Se a droga é fumada pasa directamente ao sangue nos pulmóns e alcanza en poucos segundos o cerebro.
- Esnifar, inhalar, é vías rápidas mediando unha filtración polos capilares nas vías respiratorias, a acción neurolóxica é esencialmente rápida.

O xeito de usar as drogas depende tamén en gran parte, da súa regulación legal.

Se a substancia é adulterada ou é cara, normalmente o consumidor busca a vía de entrada máis directa e agresiva. É moi común atoparse con que se pagan cantidades desorbitadas por unha droga a proporción de produto activo da cal é mínima. Entón o mozo inxéctalla/llela para poder conseguir o máximo efecto coa pouca cantidade que ha podido conseguir

Acabar coa súa acción

Unha vez que as drogas entran no sistema circulatorio distribúense por todo o organismo. Algunhas son alteradas ou destruída no propio sangue, outras almacénanse durante longo tempo nas graxas.

O cerebro está bañado polo líquido cefalorraquídeo que restrinxen o paso das substancias químicas. Barreira grazas á cal non todas as moléculas das drogas afectan ao cerebro.

Ao final, a droga será eliminada do sistema circulatorio por metabolización e eliminación ao exterior.

A maioría das drogas son metabolizadas polo fígado que está altamente especializado en transformar e facer inactivas as substancias químicas alleas ao organismo.

Os problemas de dependencia física dunha droga teñen que ver coa velocidade coa que se anulan os efectos ou se expulsa unha droga do organismo.

Dose e efectos

Non se pode afirmar que cada droga produza sempre un mesmo efecto, xa que depende de múltiples factores e circunstancias.

Pódese afirmar que exista unha relación entre dose e resposta do organismo: a maior cantidade de droga administrada maior manifestación dos seus efectos.

Cada organismo unha dose

Existen doses mínimas para que se produza algún efecto e doses máximas ou mortais, pero ambas as dúas dependen do individuo e as circunstancias. As doses mínimas son moi dispares. Mídense en gramos, miligramos e microgramos.

A intensidade dos efectos dunha droga é proporcional á cantidade absorbida, con algunhas drogas pode producirse unha especie de reacción en dúas fases: doses diferentes parecen ter efectos absolutamente contrarios.

Situación física e efectos

Case todas as drogas producen accións fisiolóxicas. A situación psíquica de partida en que se atopa o suxeito pode condicionar os efectos, producindo mesmo os contrarios a aqueles que esperaban.

Distintas drogas, distintos obxectivos

A maioría das drogas producen varios efectos sobre o corpo humano.

Case todas as drogas producen máis dun efecto e non todas as persoas os interpretan igual. É erróneo pensar que os usuarios de drogas buscan un só efecto ou que buscan o que os farmacólogos lle asignaron. O efecto máis buscado polos adolescentes á hora de consumir drogas é a sensación de sentirse integrados cos seus iguais, compartir certa intimidade.

CLASIFICACIÓNS PARA TODOS OS GUSTOS

Clasificar as drogas é unha tarefa moi difícil, a aparición de novas drogas fai que as clasificacións establecidas envellezan con rapidez.

Como clasificar?

Ningunha clasificación das drogas resulta satisfactoria. Pode tomar como primeiro criterio de clasificación a composición química das drogas, pero, substancias de estrutura moi similar producen efectos radicalmente diferentes. A multiplicidade de efectos que produce cada droga dependendo das particularidades de cada individuo, dificulta aínda máis a súa clasificación.

Existen tamén propostas de clasificación segundo os usos clínicos e terapéuticos pero que dá fóra o seu uso non médico. As clasificacións feitas a partir da legalidade ou ilegalidade son as máis enchidas de falta de obxectividade.

Non existen drogas boas ou malas en si mesmas. Existen substancias máis ou menos potentes, con efectos máis ou menos específicos, que poden ser usadas de maneira que teñan bos ou malos resultados. Son as persoas as que as usan dunha ou outro xeito, para vivir ou morrer. Non hai droga dun só uso e dun só efecto.

Unha proposta orientativa

Pódese traballar cun esquema simple e relativo que axude polo menos a colocar as substancias por certa proximidade entre elas. Para os organismos internacionais de fiscalización, as drogas están clasificadas por listas de maior ou menor control.

O esquema de clasificación das drogas é o instrumento que utiliza a Xunta Internacional de Fiscalización de Estupefacientes, dependente da ONU e con sede en Viena. Existe dende a Convención de febreiro de 1925.

O Convenio sobre Substancias Psicotrópicas aprobado en 1971 serviu para engadir catro listas máis de control.

Lewin, creador da farmacoloxía moderna, fixo unha clasificación de drogas en 1924 distinguindo cinco tipos: Euphorica, Phantastica, Inebrantia, Hipnótica e Excitantia.


Euphorica: Diminúen e eventualmente suspenden as funcións de emotividade e de percepción... poñendo o suxeito nun estado agradable de benestar. Son- o opio, a morfina, a codeína, a heroína, a coca, a cocaína...

Phantastica: Axentes de ilusións... dan lugar a unha excitación cerebral, que se manifesta baixo a forma de deformacións das sensacións, de alucinacións, ilusións e visións. Son; o peyote, a mescalina, a cannabis, a amanita velenosa,...

Inebrantia: Embriagantes que despois dunha primeira fase de excitación cerebral, dan lugar a unha depresión da excitabilidade que pode conducir a un estado de supresión temporal. Son: o alcohol, o cloroformo, o éter, a bencina...

Hipnótica: axentes do sono, somníferos como o cloral, o veronal, o bromuro de potasio, ...estimulantes psíquicos, procuran un estado de estimulación cerebral percibido subxectivamente. Son, o café, o té, a noz de cola, o mate, o cacao, o alcanfor, o tabaco, o arsénico...

CLASIFICACIÓN DAS DROGAS (Fonte contextualizada a partires de esquemas multidisciplinares. Xunta Internacional de Fiscalización de Estupefacientes e Google imáxenes.)



AS DROGAS PREFERIDAS POLOS ADOLESCENTES

PÍLULAS PARA A MARCHA

O impacto numérico, o efecto sobre as súas culturas e os seus estilos de vida, o risco real de que os adolescentes teñan finalmente problemas con elas entre outros factores, fai que ocupen o primeiro lugar dunha armazón substancias composto por diversas "pastillas", o alcohol e a cocaína, deixando para despois outras drogas que ten un carácter máis clásico.

Nas preocupacións razoables de moitos pais e nais, ou dos educadores que se relacionan cos adolescentes, ocupa un lugar destacado saber que toman os seus fillos (os seus alumnos) cando desaparecen as fins de semana e vanse "de marcha" cos seus amigos.

Compártese certa nebulosa de ideas e sensacións, sobre as drogas presentes nos tempos e espazos de diversión, alimentada periodicamente por sucesos que difunden os medios de comunicación xeral.

PRINCIPAIS CAMBIOS SUCEDIDOS NOS ADOLESCENTES	
<ul style="list-style-type: none">• A consolidación da adolescencia como etapa universal e forzosa.• A xeneralización e masificación de determinadas pautas de ocio xuvenil.• A creación de diversas culturas xuvenís, ou os cambios neles relacionadas coa diversión.• A presión comercial cara ao consumo e a xeración de grandes negocios co ocio xuvenil.• O rexeitamento de determinadas drogas e determinadas formas de drogarse.• A atracción doutras, sometidas a modas ou campañas de mercadotecnia.• A maior facilidade para sintetizar no laboratorio vellas e novas substancias.	

Nesta nova realidade, os adolescentes e novos de finais dos 90 constitúen novas maneiras de relacionarse co alcohol, acceden á cocaína, divírtense con diversas pastillas da familia das anfetaminas e formalizan certo uso da *cannabis* (os porros).

"Drogas de deseño"

A expresión "drogas de deseño" suxire que alguén está a deseñar unha substancia á carta para obter determinados efectos. A realidade certamente non é así, aínda que algúns novos consumidores o creen.

As drogas de deseño son aquelas que foron creadas nos laboratorios farmacéuticos mediante cambios noutras drogas coñecidas.

Trátase dunha activa carreira, en multiplicidade de laboratorios clandestinos, para poñer en circulación novos produtos ou novas variacións de vellos produtos, novas versións a partir da mesma substancia inicial.

Xunto a ela existen outros usos no espazo da diversión e o pracer, redescubrindoas, e redescubrindoas, e converténdolas rapidamente, se o seu uso crea cultura e moda, nun produto mercantil.

Nos lugares de diversión nos que se moven os adolescentes europeos están presentes un conxunto de distinto de "pastillas", de cores e formas diferentes, que toman nun contexto que ten que ver xustamente coa diversión e a relación.

"Ir de pastillas"

No esquema para clasificar as drogas falouse das estimuladoras de actividade cerebral e entre os grandes estimulantes colocouse ás anfetaminas. Desa familia e os seus parentes son as "pastillas" que eles toman.

As "pastillas" que consumen os adolescentes non son todas anfetaminas, aínda que todas teñen un compoñente estimulante.

Hai un conxunto de substancias máis ou menos asociadas (segundo o territorio e a época aparecen unhas ou outras) designadas en termos especializados.

"PASTILLAS" MÁIS UTILIZADAS

(Fonte contextualizada a partires de esquemas multidisciplinares. Xunta Internacional de Fiscalización de Estupefacientes e Google imaxes.)

— Entre as comercializadas nalgún momento como fármacos:

- Anfetamina (Simpatina, Centramina,...)
- Dexafetamina (Dexedrina)
- Metanfetamina (Methedrina)

— Entre as non comercializadas:

- Metilendioxianfetamina (MDA)
- Dimetoxi-4-metametfetamina (DOM)
- 3,4-metilendioximetametfetamina (MDMA)

E unha longa lista máis como, DOB, MBDB, MDEA, STP, etcétera.

A lista anterior, e outros moitos centenares de substancias análogas existentes, pódense colocar nunha liña continua na que nun polo se situarían as anfetaminas no sentido máis estrito, e no outro as substancias os efectos das cales están máis ben preto dos alucinógenos.

Que é a "éxtase" e algunhas cousas que se lle parecen.

A "éxtase" ten xa detrás de si certa historia.

A "éxtase" comezou a popularizarse nas universidades estadounidenses, na década dos anos 70. A finais dos 80 converteuse nunha droga de uso masivo.

En España, o consumismo de "éxtase" esta directamente relacionado coa denominada ruta do bakalao.

A "éxtase" é un produto creado en 1914 e popularizado pola contracultura, pero especialmente pola súa prohibición nos anos 80.

A "éxtase" é unha droga da diversión que nada ten que ver coa marxinação que leva consigo a heroína.

Speed ou "éxtase"?

Nas discotecas españolas, o speed foi a primeira substancia en facerse popular. Esta substancia é unha variante das anfetaminas, presentada para inxerir ou esnifar. Introduciuse principalmente coa pretensión de facilitar longas horas de "marchas", de diversión, sen cansazo e cunha boa estimulación xeral.

Esta substancia abonaría o terreo para que o "éxtase" e similares atopasen un mercado e unha necesidade a cubrir.

Speed ou éxtase, parece ser as substancias que teñen á súa disposición e toman nos lugares de encontro, aínda que se decante máis a "éxtase", sen excluír a primeira.

Xunto a elas, ademais estarán os ácidos (os tripis)

Para as longas noites de música e felicidade

A diversidade de pímulas teñen unha función principal que é a de manter espertos os mozos, para bailar e participar na festa durante longos períodos de tempo, fundamentalmente das fins de semana.

A "éxtase" parece que favorece a amizade, facilita a comunicación de sentimentos e outro tipo de convivencia da sexualidade. Trátase dunha droga da sociabilidade, tomada cando se está en grupo, cando un se quere divertir, case sempre entre amigos. É a droga da compañía.

Tamén é considerada unha droga afrodisíaca, pero non no sentido en que incrementa o apetito sexual.

Coas pastillas estase ante unha droga que cobre perfectamente un conxunto de necesidades amplamente sentidas por as poboación.

As drogas teñen que ver fundamentalmente coas culturas da diversión e con estilos de vida nos que esta ten un gran peso. Algúns ámbitos como as macrodiscotecas ten unha especial incidencia no inicio e o mantemento dos usos.

Converterse ou non en "pastillero"

Dous de cada tres novos que probaron o "éxtase" só o fixeron de xeito ocasional. Un 15% dos que seguirán tomando, farano de forma continua e en ocasións descontrolada.

As "pastillas" non adoitan ser moi potentes posto que canto menor efecto teñan, máis "pastillas" venderanse.

Modos e formas adolescentes de usalas.

Entre os adolescentes (entre 13 e 17 anos), as "pastillas" teñen un peso significado. Con certa frecuencia adoitan protagonizar incidentes de descontrol. A necesidade dos adolescentes de contravir as norma, de saltar os límites ou de probar os riscos ten un correlato perfecto nos efectos do *speed* ou da "éxtase".

Especialmente ante os adolescentes as "pastillas" aparecen hoxe como unha droga que poden controlar, limpa, doada e cómoda de usar,, e é máis barata que outras drogas con efectos similares como a cocaína.

É a única droga ilegal que se vende fiada no último chanzo da distribución. Rapaces e rapazas adolescentes, cunha vida absolutamente normalizada, páganse a súa diversión da fin de semana gañando de 3 a 12 euros en cada unha das "pastillas" que se pasan.

Cáles son os principais problemas.

O risco principal comeza por non saber nunca que é o que están a tomar e cual é o seu poder real. Deste xeito os principais problemas adoitan xurdir por un abuso non previsto nas cantidades ou nas combinacións de pastillas que resulten nefastas. En condicións normais un uso esporádico non tería que producir problemas.

Problema fisiolóxico.

